



contigo, Galiza decide !

www.bng-galiza.org

IAGO TABARÉS PON MONTERREI COMO EXEMPLO DO QUE ESTÁ EN XOGO O 9M, ELEXIR ENTRE QUE "DECIDAN POR NÓS E NON FAGAN NADA POR GALIZA" OU "DECIDAMOS NÓS E CONSIGAMOS INVESTIMENTO PARA A COMARCA"

O candidato nacionalista lembra que a capacidade de incidencia do BNG en Madrid tivo como resultado, entre outras cousas, eses 300.000 euros para pór en valor o Castelo, e reivindica que poida ser un deputado nacionalista de Ourense quen traballe a prol da provincia e do País

Albarellos, 16 Febreiro 08.- O candidato do BNG ao Congreso pola provincia de Ourense, Iago Tabarés, referiuse hoxe ao Castelo de Monterrei como un bo exemplo, para Ourense e para Galiza, do que está en xogo o próximo 9 de Marzo, pois "protexer o castelo e conseguir investimento -300.000 euros- para restauralo e polo en valor non foi cousa nin do Rajoy nin de Zapatero senón dos deputados do Bloque Nacionalista en Madrid".

Tabarés, nunha reunión con mulleres da comarca, insistiu en que o caso de Monterrei é moi clarificador porque mostra a diferenza de "cando deciden por nós -até o de agora non se fixera nada por que o castelo servira para algo- e cando somos nós os que decidimos".

A este respecto, o candidato nacionalista chamou a atención no feito de que tivo que ser un deputado do BNG, pero de Coruña, quen loitou por conseguir este investimento para Monterrei, polo que reclamou o apoio e o compromiso das asistentes para que Ourense teña a súa propia voz en Madrid, "un compromiso co BNG, por suposto, pero tamén un compromiso co País", dixo.

"Trátase de que vos deades unha oportunidade a vós mesmas porque o próximo 9 de Marzo, nas papeletas, non van estar os nomes nin de Rajoy nin de Zapatero, non é iso o que se vai elixir, senón a alguén que aposte polo desenvolvemento do País, pola defensa dos seus intereses e pola posta en valor do seu patrimonio ou alguén que simplemente cumpra ordes de Madrid".

Iago Tabarés lembrou tamén que Monterrei é unha comarca afectada pola reforma da OCM, que vai primar a cantidade -"no que non podemos competir"- coa calidade, e explicou que quen está a traballar pola defensa dos intereses das D.O non son a ministra e candidata do PSOE Elena Espinosa, "que nin vive en Ourense" -ironizou- nin o PP, senón o Bloque Nacionalista Galego.

Durante o encontro, no que tamén se falou do esforzo que está a realizar a Vicepresidencia da Xunta en materia de igualdade, coincidiuse na necesidade de

que cómpre superar os problemas de "autoestima" que aínda segue habendo no País e que se ven alimentados con políticas "persecutorias" como as que se están a dar estes meses co galego e as "galescolas".

Neste sentido, Tabarés asegurou que depende da consideración que teñamos de nós mesmos que se poida seguir avanzando a prol de Galiza e dos seus intereses e por iso reiterou que é necesario apostar por quen ten a cabeza e corazón no País, "e iso o garante o BNG".